

Feijóo anuncia novas ayudas al retorno emprendedor para gallegos en el exterior

CELANOVA El presidente del Gobierno gallego, Alberto Núñez Feijóo, subrayó ayer en un acto en Celanova “el refuerzo” del compromiso de la Xunta con los gallegos en el exterior con la aprobación “en el primer trimestre de 2018” del Plan Estratégico de la Emigración hasta 2020, que incluirá nuevas ayudas al retorno emprendedor, con el objetivo de “seguir protegiendo nues-

tra lengua y nuestra cultura, la proyección exterior de la comunidad y fomentar el retorno a Galicia”. Avanzó además que la Xunta continuará desarrollando en 2018 tres líneas de acción, que incluirá nuevas Bolsas Excelencia para los jóvenes en el exterior, por el que los cien mejores expedientes académicos de gallegos residentes en el exterior podrán cursar un máster

en una universidad gallega. Feijóo señaló también un incremento de ayudas al retorno emprendedor y ayudas extraordinarias al retorno para “dar respuesta, especialmente, a la demanda procedente de Venezuela”, en una situación, dijo, que empeora cada día”. Así lo afirmó la clausura de la Comisión Delegada del XI Pleno do Consello de Comunidades Galegas, en Celanova. **ECG**



Feijóo y Miranda, con delegados del XI Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Elena Vázquez Cendón asume o Decanato de Matemáticas da USC

A ex vicerreitora comprométese a traballar pola reposición do talento

Santiago. A profesora Elena Vázquez Cendón tomou posesión onte do seu cargo como decana da Facultade de Matemáticas da USC nun acto no que confesou sentirse “admiradora, debedora e sempre alumna da historia de compromiso social das Matemáticas con Galicia e coa transferencia do coñecemento”.

Na concorrida cerimonia en San Xerome, que presidiu o reitor Juan Viaño, Elena Vázquez Cendón estivo acompañada das profesoras coas que traballará nos catro próximos anos á fronte do equipo decanal: Rosana Rodríguez López como vicedecana, que asumirá a coordinación do grao en Matemáticas e os dous dobres títulos, e Beatriz Pateiro López como secretaria e responsable dos programas de mobilidade.

O seu discurso, no que tivo palabras de agradecemento para todo o persoal de administración e servizos que fan parte da vida diaria do centro, xirou en torno á idea da comunicación como fonte de colaboración dentro da facultade e da USC. Falou, por exemplo, da colaboración cos dous centros cos que comparte os dobres títulos –a ETSE e a Facultade de Física–, co Instituto de Matemáticas da USC, co Instituto Tecnolóxico en Matemática Industrial ou coas diversas entidades grazas ás que son posibles realidades de éxito como o programa Estalmat de estímulo de talento matemático, da que ela mesma é coordinadora xeral.



Vázquez Cendón onte na súa toma de posesión. Foto: F. Blanco

“

E. Vázquez Cendón

NOVA DECANO DE MATEMÁTICAS

Haberá que definir “accións que actúen como atractores de talento e non como sumidoiros deste, como agora acontece nalgúns casos”

Na intervención, emotiva e optimista, da profesora Vázquez Cendón houbo tamén espazo para a preocupación pola reposición do talento experto que, asegurou, se proxectará no plan estratéxico do centro definindo accións de reposición de prazas, “que terán que actuar como atractores de talento e non como sumidoiros deste, como agora acontece nalgúns casos”. A este respecto, o reitor lembroulle a recente sinatura coa Xunta dun convenio no ámbito das matemáticas que achega medio millón de euros no trienio 2017-2019 para distintas actuacións de captación. **ECG**

Fonseca propón un crecemento do 3,3 % no orzamento 2018

As contas do goberno da Universidade fixan 7,3 millóns de euros máis, e rozan os 235

ELENA PIÑÓN
Santiago

O Consello de Goberno aprobou a proposta de orzamentos da USC para o ano 2018 por valor de 234,86 millóns de euros, o que supón un incremento con respecto ao presente exercicio do 3,27% e 7,35 millóns de euros. Como explicou o xerente ante o órgano colegiado, a formulación dos orzamentos da USC está condicionada polo marco económico xeral pero, en particular, polo novo Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020 así como polo Plan Económico Financeiro de Reequilibrio e o marco legal de aplicación ás administracións públicas.

Como explica o documento debatido, segundo a USC, o actual contexto normativo está orientado especificamente, nos últimos exercicios, a garantir a estabilidade orzamentaria das administracións públicas e á procura da consolidación fiscal, de forma que as normas afectan non só ao volume ou teito de gasto, senón tamén á composición deste, e en particular ao relativo aos gastos de persoal. O seguinte trámite desta proposta orzamentaria será a súa aprobación polo Consello Social.

A proposta debatida apunta a un orzamento

que permita de xeito xenérico cumprir os compromisos financeiros da USC, ao tempo que atender as previsións dos plans de PDI e PAS formulados polo equipo de goberno para o período 2017-2020, axustar os gastos correntes por servizos básicos, continuar incrementando os recur-

sos de servizos e centros ligados á docencia e á investigación ou avanzar na consolidación e mellora das actuacións de investimento, entre outros.

Na mesma sesión presentouse o documento coa actualización 2017 das liñas xerais da Programación Plurianual 2015-2018 que tamén avalía o alcance dos obxectivos 2015-2017. O documento presenta un informe executivo para cada bloque –planificación para edificios e instalacións; investimentos en infraestrutura de docencia e investigación, plans de investigación, comunidade universitaria...– coa actualización das liñas xerais para 2018, en base á revisión realizada de todas as accións que conforman a programación plurianual.

Outro punto da orde do día foi o Plan de Melloras 2017-2018 para poiar a Programación Plurianual e os procesos de seguimento e acreditación de títulos con accións de mellora centralizadas. O documento constitúe un “instrumento para poñer en valor a información recollida dos procesos de acreditación de títulos e certificación de centros docentes e vinculalos coa planificación estratéxica da institución”, según a vicerreitora de Comunicación, Rosa Crujeiras.

VIGO

Maior crecemento A Universidade de Vigo contará para o 2018 cun orzamento de 172.552.088 euros, un 4,37 % superior ao do 2017, sendo o máis elevado dende o ano 2011. Trátase dun crecemento maior ao da USC, xa que en Santiago as contas medran un 3,3 %, aínda que o montante total de Fonseca é case de 62 millóns de euros máis.

Fondos UE O incremento en Vigo respecto aos 165 millóns deste exercicio, responde ás estimacións pola contribución do programa Horizonte 2020 da UE, que achega novos fondos para financiar proxectos de investigación.